

ESTALMAT

galicia



2016

Proxecto para o
Estímulo do Talento en Matemáticas
de estudantes nados en 2003 ou 2004

CONVOCATORIA 2016

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN

www.estalmatgalicia.com

ESTALMAT – Galicia - Convocatoria 2016

O Proxecto ESTALMAT-Galicia para Estimulo do Talento Matemático en estudantes da Comunidade Autónoma, anuncia a Convocatoria 2016 da proba de selección dirixida a estudantes nados nos anos 2003 ou 2004.

Está integrado no Proxecto ESTALMAT-España, iniciativa da Real Academia Española de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales. ESTALMAT-Galicia conta co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela, da FECYT e das Deputacións da Coruña e Lugo. O equipo docente está composto por máis de 50 profesores do ensino medio e das universidades galegas.

O proxecto ESTALMAT leva funcionando varios anos en varias comunidades autónomas de España. En Galicia iniciouse o curso 2007-2008. O seu obxectivo é detectar e prestar atención a nenos e nenas con talento matemático que, en moitos casos, poden pasar inadvertidos ou quedar desatendidos.

O funcionamento básico do Proxecto ESTALMAT consiste en seleccionar 25 estudantes cada ano, mediante unhas probas que pretenden detectar aptitudes matemáticas avanzadas. Os alumnos e as alumnas seleccionadas participan en actividades formativas adaptadas ao desenvolvemento do seu talento nos dous cursos seguintes (20 sesións cada curso), con posibilidade de continuar outro ano máis (12 sesións). Estas sesións, que son totalmente gratúitas para os participantes, teñen lugar na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela nas mañás dos sábados.

Non se trata de adiantar ao alumnado en contidos matemáticos do seu currículo escolar, senón, complementariamente, trátase de desenvolver aspectos que permitan axudar a pensar en matemáticas, resolver problemas e, en definitiva, pasalo ben coas matemáticas ao tempo que se detecta e canaliza o talento matemático para mellor proveito da sociedade.

Agradecemos un ano máis a implicación de todos os Centros da Comunidade Autónoma con estudantes en idade de presentarse ás probas. Finalmente, demandamos a súa divulgación nos Centros educativos entre o profesorado indicado, as familias e o alumnado potencialmente interesado.

Contando coa súa colaboración, reciba un afectuoso saúdo,

Juan M. Viaño Rey

Universidade de Santiago de Compostela
Presidente do Proxecto Estalmat-Galicia

Mª Elena Vázquez Cendón

Universidade de Santiago de Compostela
Coordinadora Xeral do Proxecto Estalmat-Galicia

Información: As respostas ás preguntas frecuentes poden atoparse en: <http://goo.gl/LLstKy> ou http://www.estalmatgalicia.com/images/stories/doc/ESTALMAT-Galicia_preguntas_respostas.pdf

Asemade, dispónse dunha presentación do programa que pode axudar a entendelo e compartilo co seu Centro educativo en <https://goo.gl/0b28Ry> ou <https://drive.google.com/file/d/0B5r-RSR5FPfNjd3TzZWOHFKQ28/view>

Agradecemos o seu interese e respostaremos as dúbidas que lle poidan xurdir sobre o programa se nos envía un correo coas mesmas á dirección electrónica estalmatgalicia@usc.es

Inscrición:

1. **Datas de inscrición: do 1 ao 27 de maio de 2016, ambos inclusive.** Excepcionalmente poderán terse en conta solicitudes posteriores ao 27 de maio.
2. **Procedemento:** É necesario por cuestións organizativas da proba cumprimentar o formulario adxunto de inscrición dispoñible na páxina web do proxecto (<http://www.estalmatgalicia.com>), a partir do 1 de maio. De non ser posible a inscrición na web, pódese enviar este formulario por correo electrónico a estalmatgalicia@usc.es ou por correo postal ao enderezo que se indica na última páxina deste documento. No lugar correspondente do formulario, pode incluírse o nome dun profesor ou profesora que avale o interese e aptitude do estudante polas matemáticas é **opcional**, e non afecta nin condiciona a avaliación.

Proceso de selección: Constará de dúas fases:

1. **Proba de aptitude.** Terá lugar o **sábado 4 de xuño, ás 10 horas, na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.** Consistirá na resolución de varios problemas.
2. **Entrevista persoal.** Unha vez corrixidas as probas, levarase a cabo unha entrevista cos 25 nenos e nenas preseleccionados na proba de actitude e cos seus pais ou titores, que previamente serán avisados persoalmente. Está encamiñada a avaliar o interese e o grao o compromiso co proxecto.

A lista definitiva dos estudantes seleccionados farase pública en <http://www.estalmatgalicia.com>

Programa de Actividades:

Os estudantes seleccionados comprométese a asistir ao longo dos cursos académicos 2016-17 e 2017-18, 20 sesións cada curso, as seguintes actividades formativas:

1. **Campamento matemático ao comezo do curso 2016-17.**
2. **Sesións de formación matemática:** en horario de 10:30 a 14 horas nas mañás dos sábados, con un descanso de 12 a 12:30. Desenvolveranse na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela. As sesións formativas non queren adiantar contidos matemáticos do seu currículo escolar. Trátase de desenvolver aspectos que habitualmente quedan fóra das actuais programacións de matemática e que se consideran unha parte esencial da actividade matemática máis xenuína.

Con carácter voluntario os alumnos poden continuar no ano 2018-19 nas actividades de Estalmat Pi ou 3º curso (12 sesións anuais).

Desprazamento: Os pais e nais dos estudantes seleccionados deberán adquirir o compromiso de levarlos e recollelos ao lugar onde se realicen as sesións formativas e actividades que, agás excepcións, é na Facultade de Matemáticas en Santiago de Compostela.

ESTALMAT-Galicia 2016 FORMULARIO DE INSCRICIÓN**DATOS DO NENO OU NENA PARTICIPANTE:**

Apelidos

Nome

Ano de nacemento 2003 2004

DNI (cubrilo só no caso de que o teña o neno ou nena participante)

DATOS DO PAI, NAI OU TITOR/A:

Apelidos

Nome

DNI

Enderezo Electrónico

Teléfono

Teléfono Móbil

Enderezo

Localidade

Código Postal

DATOS DO CENTRO:

Provincia

Localidade

Centro

OPCIONAL: PROFESOR OU PROFESORA QUE AVALA O INTERESE E APTITUDE CARA ÁS MATEMÁTICAS DO PARTICIPANTE:

Apelidos

Nome

DNI

Enderezo Electrónico

Teléfono

Para recibir confirmación da inscrición, rógase que a inscrición se faga mediante o formulario dispoñible na web: www.estalmatgalicia.com

Os datos da inscrición formarán parte dun ficheiro baixo a responsabilidade do Comité Organizador con domicilio na Facultade de Matemáticas (Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n – 15782 Santiago de Compostela-A Coruña) e serán tratados con fins de inscrición e/ou participación neste proxecto. Así mesmo, a inscrición e/ou participación no mesmo leva aparellada a cesión da imaxe dos asistentes para a súa posible reprodución e difusión sen data de caducidade en calquera tipo de soporte (carteis, folletos, vídeos, etc.) ou publicación que ESTALMAT produza, con fins non lucrativos, para dar a coñecer as súas actividades institucionais. O interesado terá dereito a acceder ao ficheiro para solicitar información, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos, así como a solicitar a non utilización da súa imaxe, previa a súa identificación, para ningún dos fins non lucrativos anteriormente indicados, mediante escrito dirixido ao Presidente do Proxecto Estalmat-Galicia (Facultade de Matemáticas – Universidade de Santiago de Compostela – Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n – 15782 Santiago de Compostela – A Coruña).

Proxecto ESTALMAT- Galicia - Universidade de Santiago de Compostela
Facultade de Matemáticas - Campus Vida - 15782 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tel.: 881.813.184 - Fax: 881.813.197